

# PLAN DE CONTINXENCIA

CURSO 2020/2021

ÍNDICE:

1.- ACTUACIÓNS PREVISTAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO.....	3
2.- MEDIDAS PARA FACER EFECTIVO O ENSINO A DISTANCIA NO CASO DE SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA. ....	7
2.1.- DISTRIBUCIÓN HORARIA PARA O ALUMNADO DE 3º DE PRIMARIA EN ADIANTE NO SUPOSTO DE ENSINO A DISTANCIA.....	7
2.2.-O MESMO DÍA DO PECHE .....	9
2.3.- MANEXO DA AULA VIRTUAL. ....	9
2.4.- CONTROL DA AVALIACIÓN .....	10
3.- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL. ....	10

O Plan de Continxencia do CPI Plurilingüe Fonte Díaz ten por finalidade establecer as medidas necesarias para garantir a continuidade da actividade académica de xeito non presencial como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o peche dalgunha aula ou mesmo do centro educativo e tamén os procesos requeridos para o reinicio da actividade académica presencial.

## **1.- ACTUACIÓNS PREVISTAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO.**

1.1.- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de Covid-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible.
- Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos. Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID(alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

1.2.- Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID 19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta sala dispón de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado: máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
- De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras FFP2, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
- Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa

traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

1.3.- Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e pedirá cita telefónica co seu MAP.

1.4.- No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

- Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recoméndase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.
- Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de COVID-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. **Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de 9 a 22h todos os días da semana: 981 21 90 16.**
- Como ocorre con calquera outro caso confirmado de COVID, a CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCOVID solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo. Neste momento, se previamente non se fixo, o Equipo Covid **deberá poñerse en contacto coa CSC a través do número de teléfono 981 21 90 16.**
- Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCOVID, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. Se a CSC atopa dificultades para localizar ao caso no centro concreto, facilitaralle a IdOrixe ao Equipo Covid e pediralle que realice a súa carga en EduCOVID. **En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCOVID.**
- O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso. Estes contactos estreitos poderán seleccionarse da "Rede de contactos" proposta por EduCOVID, na que se inclúen compañeiros de clase, de

comedor, de transporte, profesorado e outros (coma os recreos, etc...). Para esta determinación terase en conta o previsto no Anexo I BIS.

- Existe a posibilidade de que algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, polo que o Equipo Covid deberao incorporar de forma manual. Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos que precisan corentena, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCOVID. **No caso de que, conxuntamente coa CSC, non se identifiquen contactos estreitos no centro, premerase igualmente o botón "Notificar a Sanidade" sen seleccionar a ningunha persoa.** Deste xeito, o estado do expediente pasará de "Petición de contactos" a "Contactos comunicados", coa correspondente traza temporal.
- No descrito previamente asúmese que, se é o Equipo Covid quen lle notifica á CSC que no centro existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de COVID-19, a CSC pode verificar esta información. Pode ocorrer que á CSC aínda non dispoña da información necesaria para facelo, polo que nesta circunstancia procederase do xeito seguinte:
  - o Unha vez recibida a notificación, á CSC axudará a buscar indicios que verifiquen que se trata dun caso confirmado de COVID. Se hai información abondo, ou non é posible desbotar a información como resultado dun erro, o Equipo Covid cargará o caso en EduCOVID co IdOrixe 0000. Isto indicará que o caso aínda non está verificado.
  - o Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e gárdanse, pero non se notifican. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será a persoa directora do centro quen adiante esta información aos posibles contactos estreitos (a eles e só a eles). A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de COVID-19, polo que deben quedarse na casa en corentena.
  - o Entre tanto, o resultado positivo chegará á CSC e haberá unha IdOrixe válida. Nese momento, a CSC chamará ao centro e facilitaralle esta IdOrixe, para que o Equipo Covid modifique o Id0000 polo IdOrixe real. Unha vez feito isto, o centro educativo notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e procederase de forma habitual, onde a CSC chamará aos contactos estreitos para enquisalos e iniciar o seguimento.

1.5.- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguiranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargarse da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

1.6.- As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena, estando illados nos seus domicilios e suspenderán, mentres dure esta, a asistencia ao centro por un período de 10 días, e sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia

presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselles unha proba de Covid nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por Covid-19.

Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros (<2m) do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.

1.7.- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

1.8.- Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

1.9.- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021, que desenvolve as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

## **2.- MEDIDAS PARA FACER EFECTIVO O ENSINO A DISTANCIA NO CASO DE SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA.**

De darse a situación de suspensión da actividade lectiva presencial as pautas xenéricas a seguir serán:

- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario de cada grupo segundo os distintos niveis e cursos:
  - o En Educación Infantil utilizaranse as ferramentas acordadas entre o profesorado e as familias ao inicio deste curso 20/21 (ClassDojo). Os especialistas envían ás Titoras as propostas de actividades e estas fanas chegas ás familias a través do ClassDojo.
  - o En 1º e 2º de Educación Primaria a través da plataforma Google Classroom.
  - o A partir de 3º de Educación Primaria e en Educación Secundaria a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex... (complementado con Edixgal en 5º).

### **2.1.- DISTRIBUCIÓN HORARIA PARA O ALUMNADO DE 3º DE PRIMARIA EN ADIANTE NO SUPOSTO DE ENSINO A DISTANCIA**

1. Establecemos, en coordinación co equipo docente de cada grupo, unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflecta o establecido no modo presencial que se xunta como anexo. Este horario para a docencia a distancia, é de obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado, e serve de referencia para as familias. Establece unha orde no proceso formativo similar ao ensino presencial que permita avanzar nas programacións das áreas e materias pero sen obrigar ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua. Os novos horarios deben ser comunicados ao profesorado e ao alumnado para o seu cumprimento. Os Titores de cada grupo deberán comunicalos ás familias e serán publicados na páxina web do noso centro. O horario é semellante ao que se está desenvolvendo en réxime de presencialidade respectando un mínimo do 60% da carga lectiva de cada área tal e como indica a normativa. Seguindo as indicacións formuladas pola Inspección axústase a duración das sesións a 30 minutos. Haberá 5 min. intermedios para o procedemento de cambio de clase.
  - A- Se o ensino virtual se aplica **no caso de peche dunha única aula**, o horario será o mesmo que no ensino presencial, respectando as horas de comezo das clases das distintas áreas e/ou materias. O profesorado xestiona por si mesmo a duración das clases tendo en conta que teñen que ter unha duración mínima de 30 min e máxima de 45 (para dar como mínimo 5 minutos para o cambio de materia)
  - B- Se o ensino virtual se aplica **no caso de peche de todo o centro**, as clases terán unha duración de 30 min con 5 min entre clase e clase e respectando o tempo de recreo

**B.1 DISTRIBUCIÓN HORARIA PARA 3º, 4º,5º,6º DE PRIMARIA.**

Realizaranse sesións de videoconferencia en cada área e materia na orde habitual do horario presencial pero variando a súa duración. Tal e como se reflicte na táboa seguinte a xornada lectiva será de 9:45 a 13:25 de luns a xoves e ata as 12:15 o venres. O recreo seguirá sendo de 11:25 A 11:45.

LUNS, MARTES, MÉRCORES, XOVES	VENRES
09:45 – 10:15	09:45 – 10:15
10:20 – 10:50	10:20 – 10:50
10:55 – 11:25	10:55 – 11:25
11:25 – 11:45 DESCANSO	11:25 – 11:45 DESCANSO
11:45 – 12:15	11:45 – 12:15
12:20 – 12:50	
12:55 – 13:25	

No horario propio de cada grupo figura unha sesión de Titoría para o alumnado e outra sesión para as familias

**B.2 DISTRIBUCIÓN HORARIA PARA 1º,2º, 3º E 4º DE SECUNDARIA.**

Realizaranse sesións de videoconferencia en cada materia na orde habitual do horario presencial pero variando a súa duración, de forma que a xornada lectiva pasa a ser pola mañá de 9:45 A 13:35 e o xoves de tarde entre as 15:55 e 17:00h. O recreo será de 11:25 A 11:55.

LUNS, MARTES, MÉRCORES, VENRES	VENRES XOVES
09:45 – 10:15	09:45 – 10:15
10:20 – 10:50	10:20 – 10:50
10:55 – 11:25	10:55 – 11:25
11:25 – 11:55 DESCANSO	11:25 – 11:55 DESCANSO
11:55 – 12:25	11:55 – 12:25
12:30 – 13:00	12:30 – 13:00
13:05 – 13:35	13:05 – 13:35
	TARDE
	15:55- 16:25
	16:30 – 17:00

No horario propio de cada grupo xa figura unha sesión de titoría para o alumnado; a sesión de titoría para as familias xúntase nun arquivo coas modificacións horarias oportunas con respecto ao ensino presencial.

- As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial de xeito que se manteña unha interacción entre o alumnado e o profesorado que permita a explicación de conceptos, realización de tarefas, resolución de dúbidas e avaliación do progreso, respectando o seu dereito ao deber e ao descanso



- O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través de contidos achegados por el mesmo, dos contidos Abalar da propia Consellería ou outros existentes na rede e considerados axeitados para o nivel educativo no que se vaian empregar. Igualmente o/a profesor/a deberá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Todas estas actuacións estarán recollidas nas Programacións Didácticas dos respectivos niveis ou materias, tal e como se indica nas Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

O equipo COVID do centro identificou, mediante un cuestionario tipo que se xunta como anexo, ao alumnado que ten dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a administración educativa adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. O propio centro poderá resolver certos problemas puntuais como préstamos de ordenadores, se fose posible.

## 2.2.-O MESMO DÍA DO PECHE

- A dirección enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará una nova na web do noso centro.
- O profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientacións ás familias a través de abalarMóbil ou a través da propia aula virtual.
- O equipo directivo verá a posibilidade de afrontar cos nosos recursos tecnolóxicos as necesidades máis perentorias de equipamento TIC e trasladará con carácter de urxencia por correo electrónico á inspección as necesidades priorizadas de equipamento que é preciso cubrir. Estas necesidades de equipamento foron recollidas polo equipo COVID do centro. Para isto recadaremos de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias para axilizar o proceso ante un posible peche.
- Todo o alumnado debe levar para a casa o seu material de traballo, sen que quede nada no centro.

## 2.3.- MANEXO DA AULA VIRTUAL.

No inicio do curso actual a case totalidade do profesorado do centro estivo e está participando nas actividades de formación ofertadas polo CAFI para adquirir competencia e utilizar con efectividade os medios telemáticos e o manexo eficaz da aula virtual.

Dous docentes encargáronse de organizar os cursos e matricular alumnado e poñer en funcionamento a aula virtual.

O alumnado de cada grupo a partir de 3º de primaria está pasando polas aulas de informática con diferente profesorado para experimentar co manexo da aula virtual.

#### 2.4.- CONTROL DA AVALIACIÓN

O profesorado ten que remitir semanalmente ao correo electrónico do colexio unha relación das actividades feitas co alumnado durante ese período. Nesta comunicación, diferenciada por grupos, materias e horas de clase, terá que figurar a descrición das actividades realizadas e as posibles incidencias técnicas que tiveran lugar.

Todos estes datos sinalados anteriormente cubriranse nun arquivo excell que figura como Anexo I da Resolución da Secretaría Xeral de Educación e FP pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.

### **3.- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.**

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

Sempre seguindo as indicacións do citado grupo de coordinación, e simultaneamente con elas, o noso centro ten previsto desenvolver internamente unha serie de actuacións nas que, en xeral, se pretende revisar o protocolo establecido ata ese momento coa finalidade de melloralo unha vez o alumnado se reincorpore ás aulas. Estas actuacións consistirán en:

- Análise da situación dos espazos para unha posible redistribución tando dos pupitres nas aulas como das posicións no comedor, de xeito que se consiga a máxima distancia posible nos dous casos.
- Revisión e redefinición, de ser o caso, dos métodos establecidos de circulación interna no centro e dos procesos de entrada e saída do centro, así como dos espazos definidos durante os recreos.
- Adecuación ou modificación dos mecanismos de difusión entre a comunidade educativa das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara, hixiene de mans e superficies, coa finalidade de reforzar e fomentar os hábitos aprendidos.

ANEXOS

HORARIOS DE ENSINO VIRTUAL POR GRUPOS

**CPI FONTE DÍAZ. CURSO 2020/2021  
HORARIOS ED. PRIMARIA.  
GRUPO 3º**

<b>Mª JOSÉ 3º</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:45-10:15	<b>CASTELÁN</b>	<b>REFORZO MATES</b>	<b>L GALEGA</b>	<b>C NATU</b>	<b>C SOCI</b>
10:20- 10:50	<b>INGLÉS ASUN</b>	<b>RELIXIÓN/ VALORES</b>	<b>MATES</b>	<b>MATES</b>	<b>MATES</b>
10:55- 11:25	<b>MATES</b>	<b>CASTELÁN</b>	<b>C SOCI</b>	<b>L GALEGA</b>	<b>INGLÉS ASUN</b>
<b>RECREO</b>					
11:45- 12:15	<b>C SOCI</b>	<b>L GALEGA</b>	<b>MÚSICA GONZALO</b>	<b>CASTELÁN</b>	<b>EF PACO</b>
12:20- 12:50	<b>L GALEGA</b>	<b>Atención a familias</b>	<b>CASTELÁN</b>	<b>INGLÉS ASUN</b>	
12:55- 13:25	<b>C NATU</b>	<b>PLÁSTICA LETICIA</b>	<b>Atención alumnado</b>	<b>EF PACO</b>	

Titora: Mª José Furelos Dios.

**CPI FONTE DÍAZ. CURSO 2020/2021  
HORARIOS ED. PRIMARIA.  
GRUPO 4º A**

<b>4º A</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:45-10:15	<b>LECTURA</b> TERESA	<b>MÚSICA</b> GONZALO	<b>L GALEGA</b> TERESA	<b>L CASTELÁ</b> TERESA	<b>MATES</b> GONZALO
10:20-10:50	<b>MATES</b> GONZALO	<b>MATES</b> GONZALO	<b>L CASTELÁ</b> TERESA	<b>PLÁSTICA</b> LETICIA	<b>L CASTELÁ</b> TERESA
10:55-11:25	<b>INGLÉS</b> ASUN	<b>INGLÉS</b> ASUN	<b>NATURAIS</b> TERESA	<b>MATES</b> GONZALO	<b>EF</b> PACO
RECREO					
11:45-12:15	<b>L CASTELÁN</b> TERESA	<b>SOCIAIS</b> GONZALO	<b>INGLÉS</b> ASUN	<b>SOCIAIS</b> GONZALO	<b>L GALEGA</b> TERESA
12:20-12:50	<b>L GALEGA</b>	<b>Atención a familias</b>	<b>EF</b> PACO	<b>L GALEGA</b> TERESA	
12:55-13:25	<b>L CASTELÁ</b> TERESA	<b>Atención alumnado</b>	<b>RELIXIÓN</b> SUSANA	<b>INGLÉS</b> ASUN	

Titora: Teresa Castiñeira Vizcaíno.

**CPI FONTE DÍAZ. CURSO 2020/2021  
HORARIOS ED. PRIMARIA.  
GRUPO 4º B**

<b>4º B</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:45-10:15	<b>LECTURA</b> TERESA	<b>MÚSICA</b> GONZALO	<b>L GALEGA</b> TERESA	<b>MATES</b> GONZALO	<b>L CASTELÁ</b> TERESA
10:20-10:50	<b>C NATURAIS</b> TERESA	<b>L CASTELÁ</b> TERESA	<b>C SOCIAIS</b> GONZALO	<b>PLÁSTICA</b> LETICIA	<b>MATES</b> GONZALO
10:55-11:25	<b>INGLÉS</b> ASUN	<b>INGLÉS</b> ASUN	<b>MATES</b> GONZALO	<b>C NATURAIS</b> TERESA	<b>EF</b> PACO
<b>RECROO</b>					
11:45-12:15	<b>MATES</b> GONZALO	<b>L CASTELÁ</b> TERESA	<b>INGLÉS</b> ASUN	<b>C NATURAIS</b> TERESA	<b>L GALEGA</b> TERESA
12:20-12:50	<b>L GALEGA</b>	<b>Atención a familia</b>	<b>EF</b> PACO	<b>L GALEGA</b> TERESA	
12:55-13:25	<b>C SOCIAIS</b> GONZALO	<b>Atención alumnado</b>	<b>RELIXIÓN</b> SUSANA	<b>INGLÉS</b> ASUN	

Titora: Teresa Castiñeira Vizcaíno.

**CPI FONTE DÍAZ. CURSO 2020/2021**

**HORARIOS ED. PRIMARIA.  
GRUPO 5º**

<b>XACOBE 5º</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:45-10:15	<b>L GALEGA</b>	<b>MATES</b>	<b>MATES</b>	<b>CASTELÁN</b>	<b>MATES</b>
10:20-10:50	<b>MATES</b>	<b>EF PACO</b>	<b>PLÁSTICA</b>	<b>MATES</b>	<b>INGLÉS ASUN</b>
10:55-11:25	<b>CASTELÁN</b>	<b>C. NATU</b>	<b>L. GALEGA</b>	<b>INGLÉS ASUN</b>	<b>RELIXIÓN VALORES</b>
<b>RECREO</b>					
11:45-12:15	<b>C. SOCI</b>	<b>CASTELÁN</b>	<b>CASTELÁN</b>	<b>EF PACO</b>	<b>L GALEGA</b>
12:20-12:50	<b>MÚSICA GONZALO</b>	<b>L GALEGA</b>	<b>Outras tarefas</b>	<b>C. SOCI</b>	
12:55-13:25	<b>INGLÉS ASUN</b>	<b>Atención a familias</b>	<b>Atención alumnado</b>	<b>C. NATU</b>	

Titor: Xacobe Varela Álvarez

**CPI FONTE DÍAZ. CURSO 2020/2021  
HORARIOS ED. PRIMARIA.  
GRUPO 6º**

<b>CARLA 6º</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:45-10:15	<b>MÚSICA</b> GONZALO	<b>RELIXIÓN/ VALORES</b>	<b>LECTURA</b> PACO	<b>INGLÉS</b> ASUN	<b>Atención alumnado</b>
10:20- 10:50	<b>MATES</b>	<b>INGLÉS</b> ASUN	<b>LECTURA</b> PACO	<b>MATES</b>	<b>MATES</b>
10:55- 11:25	<b>EF</b> PACO	<b>MATES</b>	<b>INGLÉS</b> ASUN	<b>PLÁSTICA</b> XACOBÉ	<b>L. GALEGA</b>
<b>RECREO</b>					
11:45- 12:15	<b>INGLÉS</b> ASUN	<b>C. NATU</b>	<b>MATES</b>	<b>L. GALEGA</b>	<b>C. NATU</b>
12:20- 12:50	<b>L. GALEGA</b>	<b>Atención a familias</b>	<b>C. SOCI</b>	<b>C. SOCI</b>	
12:55- 13:25	<b>C. SOCI</b>	<b>EF</b> PACO	<b>CASTELÁN</b>	<b>CASTELÁN</b>	

Titora: Carla del Río Outón.

**1º ESO** Titora: Marga Sanín

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:45 – 10:15</b>	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	L. GALEGA	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	MATEMÁTICAS
<b>10:20 – 10:50</b>	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	L. GALEGA	XEOGRAFÍA E HISTORIA	E. PLÁSTICA VISUAL E AUD.
<b>10:55 – 11:25</b>	L. GALEGA	INGLÉS	XEOGRAFÍA E HISTORIA	FRANCÉS EX FR	EDUCACIÓN FÍSICA
<b>RECREO</b>					
<b>11:55 – 12:25</b>	XEOGRAFÍA E HISTORIA	L. CASTELÁ	INGLÉS	E. PLÁSTICA VISUAL E AUD.	RELIXIÓN V. ÉTICOS
<b>12:30 – 13:00</b>	L. CASTELÁ	EDUCACIÓN FÍSICA	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	FRANCÉS EX FR
<b>13:05 – 13:35</b>	PROM. VIDA SAUD.	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	MATEMÁTICAS	L. CASTELÁ	TITORÍA ALUMNADO

<b>15:55- 16:25</b>
<b>16:30 – 17:00</b>

INGLÉS
L. GALEGA

**Profesorado:**

**Xeografía e Historia:** Antonio Lorenzo

**Ed. Física:** Luis Rico

**Ed. Plástica Visual e Audiovisual:** Marga Sanín

**Francés:** Lourdes Piñón

**Inglés:** Carmen Forján

**Biología e Xeoloxía:** Cristina Álvarez Garrido

**Valores éticos:** Anabel García

**L. Galega:** Daniel Asorey

**Matemáticas:** M. Cruz Sampayo

**L. Castelá:** Carmen Lages

**Promoción estilos vida saudables:** Luis Rico

**Ex. Francés:** Carolina García Couto

**Relixión:** Estrela Rúa

**Orientadora:** Lourdes Bao



**2º ESO-A** Titora: Anabel García

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:45 – 10:15</b>	XEO- HIST	XEO- HIST	FIS- QUIM	FRANCÉS EX. FRANCÉS	MATEM
<b>10:20 – 10:50</b>	L. CAST	TECN	INGLÉS	E. FÍSICA	XEO-HIST
<b>10:55 – 11:25</b>	INGLÉS	E. FÍSICA	MATEM	FIS-QUIM	L. GAL
<b>RECREO</b>					
<b>11:55 – 12:25</b>	MATEM	MÚS	L. CAST	INGLÉS	TECN
<b>12:30 – 13:00</b>	MÚS	MATEM	L. GAL	L.CAST	FIS QUIM
<b>13:05 – 13:35</b>	CONVERSA XADREZ	TITORÍA	TECN	L. GAL	FRANCÉS EX. FRANCÉS

<b>15:55- 16:25</b>
<b>16:30 – 17:00</b>

RELIXIÓN
V. ÉTICOS
MATEM

**Profesorado:**

**L. Galega:** Daniel Asorey  
**Xeografía e Historia:** Antonio Lorenzo  
**Ed. Física:** Luis Rico  
**Tecnoloxía:** Daniel Pereiro  
**Francés e Conversa:** Lourdes Piñón  
**Ingles:** Carmen Forján  
**Física e Química:** Carmen F. Bouza  
**Xadrez:** Fernando Simal

**L. Castelá:** Carmen Lages  
**Matemáticas** Fernando Simal  
**Música:** Anabel García Guimarey  
**Exención Francés:** Carolina García  
**Relixión:** Estrela Rúa  
**Valores Éticos:** Anabel García G.  
**Orientadora:** Lourdes Bao

**2º ESO-B** Titora: Anabel García

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:45 – 10:15</b>	MATEM	FIS- QUIM	INGLÉS	FRANCÉS EX. FRANCÉS	INGLÉS
<b>10:20 – 10:50</b>	L. GAL	MÚS	MÚS	FIS-QUIM	MATEM
<b>10:55 – 11:25</b>	L.CAST	MATEM	MATEM	L. CAST	XEO - HIST
<b>RECREO</b>					
<b>11:55 – 12:25</b>	E. FÍSICA	L. GAL	E. FÍSICA	XEO - HIST	FÍS-QUIM
<b>12:30 – 13:00</b>	TECN	INGLÉS	TECN	L. GAL	L. CAST
<b>13:05 – 13:35</b>	CONVERSA XADREZ	TITORÍA ALUMNADO	XEO HIST	TECN	FRANCÉS EX. FRANCÉS

<b>15:55- 16:25</b>
<b>16:30 – 17:00</b>

RELIXIÓN
V. ÉTICOS
MATEM

**Profesorado:**

**L. Galega:** Daniel Asorey  
**Xeografía e Historia:** Antonio Lorenzo  
**Ed. Física:** Luis Rico  
**Tecnoloxía:** Daniel Pereiro  
**Francés e Conversa:** Lourdes Piñón  
**Inglés:** Carmen Forján  
**Física e Química:** Carmen F. Bouza  
**Xadrez:** Fernando Simal

**L. Castelá:** Carmen Lages  
**Matemáticas** M. Cruz Sampayo  
**Música:** Anabel García Guimarey  
**Exención Francés:** Carolina García  
**Relixión:** Estrela Rúa  
**Valores Éticos:** Anabel García G.  
**Orientadora:** Lourdes Bao

**3º ESO Titora: Cristina Álvarez Garrido**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:45 – 10:15</b>	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	MAT. ACAD E. PLÁST. APL	FÍSICA E QUÍMICA	MÚSICA
<b>10:20 – 10:50</b>	INGLÉS	C. CLÁSICA FRÁNCÉS	XEOGRAFÍA E HISTORIA	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	TECNOLOXÍA
<b>10:55 – 11:25</b>	XEOGRAFÍA E HISTORIA	XEOGRAFÍA E HISTORIA	L. CASTELÁ	EDUCACIÓN FÍSICA	MAT. ACAD MAT. APL
<b>RECREO</b>					
<b>11:55 – 12:25</b>	MAT. APL E. PLÁST ACAD	INGLÉS	RELIXIÓN V. ÉTICOS	L. GALEGA	C. CLÁSICA FRÁNCÉS
<b>12:30 – 13:00</b>	L. GALEGA	MAT. APL E. PLÁST. ACAD	EDUCACIÓN FÍSICA	TECNOLOXÍA	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
<b>13:05 – 13:35</b>	FÍSICA E QUÍMICA	MAT. ACAD E. PLÁST. APL	L. GALEGA	INGLÉS	TITORÍA ALUMNADO

<b>15:55- 16:25</b>
<b>16:30 – 17:00</b>

MAT. ACAD
MAT. APL
MÚSICA

**Profesorado:**

**Xeografía e Historia:** Antonio Lorenzo  
**Ed. Física:** Luis Rico  
**Tecnoloxía:** Daniel Pereiro  
**Francés:** Lourdes Piñón  
**Inglés:** Carmen Forján  
**Bioloxía e Xeoloxía:** Cristina Álvarez Garrido  
**Valores éticos:** Anabel García G.  
**E. Plástica Visual e Audiovisual:** Marga Sanín

**Cultura Clásica:** D. Asorey

**L. Castelá:** Carmen Lages  
**L. Galega:** Daniel Asorey  
**Matem. Aplicadas:** M. Cruz Sampayo  
**Matem. Académicas:** Fernando Simal  
**Música:** Anabel García G.  
**Física e Química:** Carmen F. Bouza  
**Relixión:** Estrela Rúa  
**Orientadora:** Lourdes Bao

**4º ESO Titor: Luis Rico**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:45 – 10:15</b>	L. GALEGA	MAT. ACAD. TECNOLOXÍA	L. GALEGA	L. CASTELÁ	XEO HIST
<b>10:20 – 10:50</b>	XEO HIST	L. CASTELÁ	TIC FIS QUIM LATÍN	FRANCÉS TECNOLOXÍA	INGLÉS
<b>10:55 – 11:25</b>	MÚSICA ED. PLÁSTICA	L. GALEGA	FRANCÉS TECNOLOXÍA	ECONOMÍA BIO XEO TIC	MÚSICA ED. PLÁSTICA
<b>RECREO</b>					
<b>11:55 – 12:25</b>	CAAP FRANCÉS	ECONOMÍA BIO XEO MAT APL	ECONOMÍA MAT APL. BIO XEO	MAT ACAD. MAT. APL.	MAT. APL. MAT. ACAD.
<b>12:30 – 13:00</b>	FIS QUIM LATÍN TIC	CAAP LATÍN FIS QUIM	CAAP MAT. ACAD.	ED. PLÁST. MÚSICA	ED. FÍSICA
<b>13:05 – 13:35</b>	INGLÉS	TITORÍA ALUMNADO	ED. FÍSICA	RELIXIÓN V. ÉTICOS	L. CASTELÁ
<b>15:55- 16:25</b>				XEO HIST	
<b>16:30 – 17:00</b>				INGLÉS	

**Profesorado:**

**Xeografía e Historia:** Antonio Lorenzo  
**Ed. Física:** Luis Rico  
**Tecnoloxía:** Daniel Pereiro  
**Francés:** Lourdes Piñón  
**Inglés:** Carmen Forján  
**Biología e Xeoloxía:** Cristina Álvarez Garrido  
**E. Plástica V. e Aud. e Tic:** Marga Sanín  
**Latín:** Lourdes Piñón  
**CAAP:** Cristina Álvarez Garrido

**Valores éticos:** Anabel García G.

**L. Castelá:** Carmen Lages  
**L. Galega:** Daniel Asorey  
**Matem. Aplicadas:** Fernando Simal  
**Matem. Académicas:** M. Cruz Sampayo  
**Música:** Anabel García G.  
**Física e Química:** Carmen F. Bouza  
**Relixión:** Estrela Rúa  
**Economía:** Antonio Lorenzo  
**Orientadora:** Lourdes Bao

**HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS. EDUCACIÓN SECUNDARIA**

<b>PROFESOR/A</b>	<b>MATERIA</b>	<b>HORA ATENCIÓN</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>
Luis Rico Pernas	Ed. Física-PEVS	Venres de 11:55 a 12:25	<a href="mailto:luisricopernas@edu.xunta.es">luisricopernas@edu.xunta.es</a>
Lourdes Piñón López	Francés-Latín	Mércores de 11:55 a 12:25	<a href="mailto:lourdesp@edu.xunta.es">lourdesp@edu.xunta.es</a>
Ana Isabel García Guimarey	Música-Valores éticos	Martes de 10:55 a 11:25	<a href="mailto:ana.isabel.garcia.guimarey@edu.xunta.es">ana.isabel.garcia.guimarey@edu.xunta.es</a>
M <sup>a</sup> Cruz Sampayo Iglesias	Matemáticas	Martes de 11:55 a 12:25	<a href="mailto:cruz.sampayo@edu.xunta.es">cruz.sampayo@edu.xunta.es</a>
Margarita Sanín Matías	E. Plástica-Tic	Venres de 11:55 a 12:25	<a href="mailto:msanin@edu.xunta.es">msanin@edu.xunta.es</a>
M. Carmen Fernández Bouza	Física e Química	Martes de 10:20 a 10:50	<a href="mailto:mfbouza@edu.xunta.es">mfbouza@edu.xunta.es</a>
M. del Carmen Lages Padín	Lingua Castelá	Xoves de 11:55 a 12:25	<a href="mailto:carmenlages@edu.xunta.es">carmenlages@edu.xunta.es</a>
Fernando Simal Iglesias	Matemáticas	Xoves de 12:30 a 13:00	<a href="mailto:fsimal@edu.xunta.es">fsimal@edu.xunta.es</a>
Antonio Lorenzo Bugallo	Xeografía e historia-Economía	Xoves de 13:05 a 13:35	<a href="mailto:antoniolorenzo@edu.xunta.es">antoniolorenzo@edu.xunta.es</a>
Cristina Álvarez Garrido	Bioloxía e Xeoloxía	Luns de 10:55 a 11:25	<a href="mailto:crisalvarezgarrido@edu.xunta.es">crisalvarezgarrido@edu.xunta.es</a>
Daniel Pereiro López	Tecnoloxía	Mércores 10:20 a 10:50	<a href="mailto:daniel.pereiro@edu.xunta.es">daniel.pereiro@edu.xunta.es</a>
Xosé Lois García Costa	Lingua Galega	Mércores de 10:55 a 11:25	<a href="mailto:xlgcosta@edu.xunta.es">xlgcosta@edu.xunta.es</a>
M. del Carmen Forján García	Inglés	Luns de 11:55 a 12:25	<a href="mailto:carmenforjan@edu.xunta.es">carmenforjan@edu.xunta.es</a>
Carolina García Couto	Exención Francés-Ped. terapeutica	Venres de 10:55 a 11:25	<a href="mailto:carolinagarciacouto@edu.xunta.es">carolinagarciacouto@edu.xunta.es</a>
Estrella Rúa Barcia	Relixión	Xoves de 12:30 a 13:00	<a href="mailto:estrelarua@edu.xunta.es">estrelarua@edu.xunta.es</a>
Lourdes Bao Cebreiro	Orientadora	Luns de 10:20 a 10:50	<a href="mailto:lourdesbao@edu.xunta.es">lourdesbao@edu.xunta.es</a>

O presente Plan de Continxencia foi aprobado pola dirección do Centro con data do 7 de novembro de 2020 e tamén polo Claustro do CPI Fonte Díaz con data do 11 de novembro de 2020.

Touro a 12 de novembro de 2020.



A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'M. Carmen Rendo López'.

Asdo.: M Carmen Rendo López.

A Directora.